

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Volume	1º Bac.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia Volume de 1º curso de bacharelato, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia Volume á realidade deste centro e a do seu alumnado do 1º curso.

Desde as orixes da civilización, os seres humanos necesitaron crear obxectos tridimensionais, tanto para responder a necesidades funcionais como movidos por intencións lúdicas, relixiosas ou artísticas. En todas as producións humanas pode rastrexarse unha intención estética que unhas veces se produce dunha maneira intuitiva e emocional e outras é o resultado dun proceso racional máis ou menos sofisticado. A materia Volume ocúpase especificamente do estudo da forma e do espazo tridimensional no ámbito da expresión artística, atendendo ás calidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos.

A materia de Volume trata tanto do desenvolvemento da percepción sensorial, intelectual e crítica das formas como da creación de obxectos tridimensionais, vertentes ambas estreitamente vinculadas. Esta dimensión da materia conecta o mundo das ideas co das formas para partir do coñecemento da linguaxe plástica e do uso de materiais, procedementos e técnicas de configuración tridimensional, así como doutros elementos de configuración formal e espacial, da análise da representación espacial e da aplicación da metodoloxía xeral do proxecto de creación de obxectos tridimensionais. Espérase con iso que o alumnado adquira, xunto á capacidade de percepción espacial, táctil e cenestésica, un dominio técnico e unhas habilidades creativas capaces de mobilizar o pensamento diverxente como manifestación da capacidade humana para propoñer múltiples respostas ante un mesmo estímulo.

O alumnado adquirirá unha visión xeral, tanto das técnicas e os procedementos escultóricos máis innovadores como dos máis tradicionais, para que identifique as propiedades e particularidades expresivas dos distintos materiais (como barro, madeira, pedra, mármore ou metais, entre outros), e comprenda que pode chegar cada un á función de cada obxecto e a intencionalidade da proposta creativa, considerando o contexto cultural no que se traballa. Do mesmo xeito, debe reflexionar sobre os útiles e as ferramentas máis adecuados para cada produción artística. Abórdanse tamén aspectos relacionados coa composición no espazo, fomentando a expresividade e o desenvolvemento do deleite estético e sensorial, para favorecer o crecemento persoal, social, académico e profesional. Outro aspecto importante ao que se debe prestar atención desde esta materia é a reflexión sobre a necesidade de facer un uso adecuado e responsable dos materiais e as ferramentas, atendendo ao seu impacto ambiental e á prevención e o tratamento dos posibles residuos que se xeren, desenvolvendo así unha actitude crítica, sostible, inclusiva e innovadora ante a experiencia artística.

Estes fins vehiculan os obxectivos da materia Volume definidos a partir dos obxectivos xerais e as competencias clave previstas para a etapa de bacharelato. A consecución dos devanditos obxectivos implicará a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos e habilidades necesarios para propoñer e levar a cabo solucións factibles na creación de propostas volumétricas. Ademais, contribuirá a desenvolver a súa capacidade crítica e estética, utilizando o vocabulario específico adecuado para fundamentar os seus xuízos sobre distintas creacións volumétricas, desde o respecto cara á diversidade e cara ao patrimonio artístico e cultural. Para unha mellor adquisición dos obxectivos da materia é necesario propoñer proxectos que lle permitan ao alumnado mellorar o desempeño das habilidades requiridas para o traballo coas formas volumétricas, considerando a incorporación de ferramentas dixitais cando resulte pertinente.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia organízanse en catro bloques, que non deben acometerse obrigatoriamente por separado, nin na orde en que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das distintas situacións de aprendizaxe, o que facilita unha visión global da materia e responden a retos de progresiva complexidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar os fundamentos compositivos da linguaxe tridimensional en obras de diferentes épocas e culturas analizando os seus aspectos formais e estruturais, así como os canons de proporción e elementos compositivos empregados, para aplicalos a producións volumétricas propias equilibradas e creativas.	1	3		1	40	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional partindo da análise de obxectos e obras de diferentes artistas nas que se establece unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido, para elaborar producións tridimensionais con diferentes funcións comunicativas e respectuosas da propiedade intelectual.	1	3		1	40	1		1-2
OBX3 - Realizar propostas de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de produción máis adecuados, para resolver problemas de configuración espacial e apreciar as calidades expresivas da linguaxe tridimensional.					50	4		31-32-41
OBX4 - Elaborar proxectos individuais ou colectivos adecuando os materiais e os procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución, para valorar a metodoloxía proxectual como forma de desenvolver o pensamento diverxente na resolución creativa de problemas.	3	1	3	3	31-32		3	31-41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O volume: elementos de configuración formal e espacial Composición espacial.	Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. Relación entre forma, escala e proporción. O movemento. A luz. Relación entre forma e estrutura. Campos de forza,	45	56	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O volume: elementos de configuración formal e espacial Composición espacial.	equilibrio, dinamismo etc. As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade). Principios do deseño tridimensional.	45	56	X	X	X
2	Procedementos e técnicas de configuración tridimensional	Técnicas aditivas (modelado, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estructuras e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). Materiais e ferramentas.	25	30		X	
3	Análise das obras tridimensionais	Tipoloxías da escultura. Arte obxectual e conceptual. Iconicidade. Percorrido histórico polas obras tridimensionais, desde unha perspectiva universal e inclusiva. Difusión e acceso ás obras.	15	24		X	X
4	O proxecto de creación tridimensional	Metodoloxía proxectual no proxecto artístico e no de deseño de produto. Ámbitos profesionais do deseño tridimensional. Propiedade intelectual.	15	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O volume: elementos de configuración formal e espacial Composición espacial.	56

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Estudar os aspectos máis notables de pezas volumétricas identificando as diferenzas entre o estrutural e o accesorio.	Recoñecer os elementos básicos do volume, diferenciando a aparencia externa da estrutura.	PE	30
CA2.2 - Describir formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos tridimensionais aplicando a terminoloxía específica da materia.	Manexar a terminoloxía específica do volume, describindo aceptablemente as formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos.		
CA2.4 - Elaborar producións volumétricas cunha función comunicativa concreta, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade.	Crear pezas, tanto figurativas como abstractas, tendo en conta non só a aparencia externa senón os aspectos conceptuais, a estrutura interna e unha intención comunicativa concreta.	TI	70
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuíndo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sustentabilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Observar a estrutura dos proxectos tridimensionais deseñando un proxecto sinxelo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	Crear obxectos cunha finalidade determinada, superando estereotipos creativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. - Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción. - As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. - Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas. - Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade). - Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional. - A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos. - Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos. - Principios e fundamentos do deseño tridimensional.

UD	Título da UD	Duración
2	Procedementos e técnicas de configuración tridimensional	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir materiais, ferramentas e técnicas de creación tridimensional aplicando a terminoloxía específica da materia.	Recoñecer as técnicas básicas e as ferramentas e materiais asociadas a elas, describíndoas e usando a terminoloxía axeitada.	PE	20
CA1.2 - Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	Traballar con autonomía, poñendo en práctica coñecementos técnicos e axustándose aos requirimentos.		
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuíndo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sustentabilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Observar a estrutura dos proxectos tridimensionais deseñando un proxecto sinxelo.	TI	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	Crear obxectos cunha finalidade determinada, superando estereotipos creativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sustentables, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelaxe, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D). - Pezas volumétricas sinxelas en función do tipo de produto proposto. Deseño sustentable e inclusivo. Sustentabilidade e impacto dos proxectos artísticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Análise das obras tridimensionais	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir materiais, ferramentas e técnicas de creación tridimensional aplicando a terminoloxía específica da materia.	Recoñecer as técnicas básicas e as ferramentas e materiais asociadas a elas, describíndoas e usando a terminoloxía axeitada.	PE	20
CA2.3 - Explicar os canons de proporción e os elementos compositivos de pezas tridimensionais de diferentes períodos artísticos dentro do seu contexto histórico diferenciando os aspectos decorativos dos estruturais.	Recoñecer os diferentes períodos artísticos e os elementos compositivos empregados neles, explicándoos.		
CA3.1 - Explicar as funcións comunicativas da linguaxe tridimensional en obras significativas de diferentes creadores, desde unha perspectiva intercultural, inclusiva e de xénero, xustificando, de maneira argumentada a relación establecida entre a forma e o contido.	Explicar as funcións comunicativas da linguaxe tridimensional en obras significativas, relacionándoas coa forma.		
CA3.2 - Describir as calidades expresivas da linguaxe tridimensional nas composicións tridimensionais propostas xustificando a selección das técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados.	Xustificar as técnicas, ferramentas e materiais empregados en distintas obras, explicando como afectan á expresividade.	TI	80
CA3.3 - Analizar os aspectos máis notables da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	Describir os elementos básicos do volume de distintas figuras asociándoos aos conceptos de función comunicativa, utilitaria e representación icónica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar as diferentes fontes de difusión de obras volumétricas, apreciando o respecto á autoría e aos dereitos de propiedade intelectual.	Diferenciar a calidade de distintas fontes de difusión de obras volumétricas, entendendo cando se están respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sustentables, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. - Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos. - Tipoloxía de formas volumétricas adaptadas ao deseño de obxectos elementais de uso común como medio de estudo e de análise. - Escultura, obras de arte, artesanía e deseño tridimensional no patrimonio artístico e cultural universal e galego. Contexto histórico e principais características técnicas, formais, estéticas e comunicativas. - Tipoloxías da escultura. Relevo e escultura exenta. - A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural. - Arte obxectual e conceptual. A instalación artística. Artes performativas. - Graos de iconicidade nas representacións escultóricas. Hiperrealismo e efectos especiais, realismo, abstracción, síntese, estilización. - As posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional e o seu uso creativo na ideación e realización de obra orixinal. - Técnicas de transmisión de emocións, estudo do xesto, ideas, accións e situacións na produción e recepción de obras de arte volumétricas. - O respecto da propiedade intelectual. Tradición, inspiración, plaxio, apropiación. - Fontes bibliográficas e dixitais de acceso a obras volumétricas de diferentes épocas e culturas: sitios web, acceso dixital a museos, bibliotecas ou coleccións dixitais etc.

UD	Título da UD	Duración
4	O proxecto de creación tridimensional	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Describir formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos tridimensionais aplicando a terminoloxía específica da materia.	Empregar a terminoloxía axeitada na descrición das obras tridimensionais propias.	PE	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar as diferentes fontes de difusión de obras volumétricas, apreciando o respecto á autoría e aos dereitos de propiedade intelectual.	Analizar o grao de respecto da autoría e os dereitos de propiedade intelectual en obras difundidas a través de distintas fontes.	TI	85
CA4.1 - Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuindo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sustentabilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	Observar a estrutura dos proxectos tridimensionais deseñando un proxecto sinxelo.		
CA4.2 - Participar activamente na realización de proxectos artísticos asumindo diferentes funcións, valorando e respectando as achegas e as experiencias dos demais e identificando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional que ofrece.	Levar a cabo as tarefas que se lle asignan na posta en práctica dun proxecto artístico.		
CA4.4 - Avaliar e presentar os resultados de proxectos tridimensionais analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido e explicando as posibles diferenzas entre eles.	Comunicar o proceso e o resultado dun proxecto artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxía de formas volumétricas adaptadas ao deseño de obxectos elementais de uso común como medio de estudo e de análise. - O respecto da propiedade intelectual. Tradición, inspiración, plaxio, apropiación. - Metodoloxía proxectual aplicada ao deseño de formas e estruturas tridimensionais. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos. Difusión de resultados. - Proxectos de producións artísticas volumétricas: secuenciación, fases e traballo en equipo. - Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos. - Pezas volumétricas sinxelas en función do tipo de produto proposto. Deseño sustentable e inclusivo. Sustentabilidade e impacto dos proxectos artísticos. - Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional vinculadas coa materia. - A propiedade intelectual: a protección da creatividade persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado da materia Volume desenvolverá o seu currículo e tratará de asentir de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia de Volume pretende achegar ao alumnado á apreciación das obras de arte e os obxectos de deseño tridimensionais. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar tanto a metodoloxía de análise como a práctica do alumnado na creación tridimensional.

No deseño desta programación didáctica tómanse en consideración as liñas de actuación no proceso de ensino e

aprendizaxe que se recollen no apartado 4 do currículo desta materia.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia Volume débense empregar estratexias metodolóxicas variadas. A continuación preséntanse algunhas suxestións:

- Exporanse as cuestións teóricas, as que sexan imprescindibles para o desenvolvemento dos proxectos.
- Guiarase ao alumnado na observación da realidade que se trata de representar.
- Incentivarase a práctica do alumnado a través da repetición, necesaria para adestrar destrezas.
- Xeraranse debates nos que o alumnado expoña os seus puntos de vista, os compare cos do resto do alumnado e poña en práctica o diálogo respectuoso e baseado en opinións fundamentadas.
 - Visualizaranse os traballos realizados por artistas, polo alumnado do mesmo curso e de cursos anteriores, para que comparen os distintos xeitos de traballar, as diferentes solucións distintas á mesma proposta etc.
 - Conectaranse as propostas dos proxectos co contexto (a contorna, a comunidade educativa, a realidade social...) e coas inquietudes do alumnado.
 - Acudirase a exposicións na contorna.
 - Provocarase unha reflexión persoal e conxunta sobre o desenvolvemento propio e o resultado final.
 - No caso de agrupamentos, empregaranse pequenos grupos que favorecerán a autonomía e a confianza na capacidade propia de cada alumna/o ao enfrontarse a unha nova actividade; e o gran grupo usarase para traballar as postas en común dos traballos, permitindo a participación conxunta de todo o grupo ao ser moi útil á hora de coñecer as opinións e os coñecementos previos do alumnado, en xeral, sobre novos contidos. En ambos casos, permite fomentar o respecto e o interese polas opinións do resto de persoas, o respecto polo quenda da palabra etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador conectado a internet, proxector e altosfalantes.
Plataforma de ensino virtual, en concreto, a aula virtual do centro.
Aula de informática do centro.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte etc.
Mobiliario do taller de arte escolar: mesas, andeis para gardar traballos e materiais, armarios para ferramentas, vertedoiro con auga etc.
Materiais artísticos: distintos materiais (barro, escaiola, arame, papel e cartón, materiais de refugallo...), ferramentas e utensilios (gubias, palillos e outros instrumentos para modelar e tallar, alicates, serras, ferramentas de corte, como tesoiras e coitelas, martelos, regras, recipientes e contedores diversos, trapos, bolsas...), pintura etc.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, como atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo etc.

O alumnado aportará os seus propios materiais para a elaboración de traballos, pero na aula contarase con materiais e ferramentas de todo tipo, para realizar probas, apreciar as súas características e realizar demostracións e comparacións.

É importante que o alumnado poida acceder a algún tipo de dispositivo electrónico para visualizar contido en rede,

sexa a través de dispositivos do centro, dos seus dispositivos móbiles ou do acceso á aula de informática do centro no tempo que estea dispoñible.

O estudo de imaxes e obras en formato impreso tamén é fundamental. Pode recorrerse ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Punto de partida

A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada unha das alumnas e de cada un dos alumnos que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. Recollida de información

Para realizar a avaliación inicial, desenvolveranse actuacións relacionadas cos seguintes aspectos:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes, traballo de debuxo e modelado.
- Características da alumna ou do alumno: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social...

A información que se recolla pode proceder de cuestionarios, de tarefas na aula virtual do centro, de conversas informais, debates etc.

A recollida de información levarase a cabo durante as primeiras semanas do curso, sempre tomando como referencia a data determinada no centro para a realización da reunión correspondente.

3. Propostas de intervención

Unha vez analizada a información recollida e logo da reunión de avaliación inicial, na que se terán en conta, dun xeito especial, as indicacións recibidas desde o Departamento de orientación do centro, tomaranse as decisións oportunas que recaerán sobre algún dos seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo
- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda da persoa docente...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	45	25	15	15	100
Proba escrita	30	20	20	15	24
Táboa de indicadores	70	80	80	85	76

Criterios de cualificación:

Cualificación por avaliación:

Dentro de cada unidade didáctica, o grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas establecerase de forma maioritaria a través de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, así como de probas teóricas escritas, obténdose a cualificación do seguinte xeito:

- Traballos prácticos: 60% da cualificación
- Probas escritas: 15 % da cualificación
- Traballos escritos e exercicios de aula: 25% da cualificación

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado da materia en canto a formato, técnicas, materiais etc., e que se respecten sempre os prazos de entrega nas datas indicadas, xa que iso terase en conta á hora de valorar a consecución dos indicadores de logro. Un exemplo de indicadores de logro que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería, no caso dos traballos (todos os indicadores fan media aritmética), o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 40%
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...). 40%
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto. 10%

Estes indicadores de logro poderían variar dependendo do traballo a realizar

Para superar unha avaliación, a cualificación final da mesma debe ser de 5 puntos ou cualificación superior. Excepcionalmente, o alumnado que acade unha puntuación de 4,5 ou superior tamén superará a avaliación.

Cualificación final:

A cualificación final da materia consistirá nunha media ponderada das cualificacións acadadas en cada unha das avaliacións. Cómpre ter en conta que o peso das avaliación aumenta a medida que avanza o curso (débase a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación pero hai outros que teñen un carácter progresivo, que se acadan en maior medida segundo avanza o curso). O peso de cada avaliación que se aplicará na ponderación final será o seguinte:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 35%

Para o cálculo ponderado de cada unha das notas medias das avaliacións tomaranse as notas realmente acadadas polo alumnado (as cualificacións con decimais), non as que aparezan no boletín de cualificacións.

A cualificación final para superar a materia, (despois de realizar o cálculo ponderado), da mesma debe ser de 5 puntos ou cualificación superior. Excepcionalmente, o alumnado que acade unha puntuación de 4,5 puntos ou superior tamén superará a materia. No caso de precisarse realizar o redondeo da cualificación, toda cualificación redondearase ao número enteiro superior a partires do decimal 0,5 (0,5 incluído).

Criterios de recuperación:

Avaliación ordinaria:

Para poder recuperar as avaliacións non superadas durante o curso o alumnado terá que repetir e entregar os traballos que non superara (cada traballo recollerá a indicación do que é preciso facer para superalo) e superar a proba ou as probas teóricas que se considere preciso realizar (en relación ás que se fixeran nas unidades didácticas da/s avaliación/s e non superadas).

Todo este traballo acadará unha nova cualificación que, no caso de ser superior á anteriormente acadada, sumarase á cualificación de traballos ou probas e procederase do mesmo xeito que no caso da cualificación por avaliación.

Para superar a avaliación, despois de realizar o cálculo ponderado, a cualificación final da mesma debe ser de 5 puntos ou cualificación superior. Excepcionalmente, o alumnado que acade unha puntuación de 4,5 ou superior

tamén superará a materia. No caso de precisarse realizar o redondeo da cualificación, toda cualificación redondearase ao número enteiro superior a partires do decimal 0,5 (0,5 incluído).

Avaliación extraordinaria:

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, poderá recuperar a avaliación ou avaliacións non superadas durante as derradeiras dúas semanas de clase.

O profesorado entregará un plan de traballo e recuperación que consistirá na nova entrega de traballos, e a realización dunha proba escrita, sendo o peso dos traballos dun 75% para a nota final, e dun 25% para a proba escrita.

A cualificación final para superar a materia, debe ser de 5 puntos ou cualificación superior. Excepcionalmente, o alumnado que acade unha puntuación de 4,5 puntos. No caso de precisarse realizar o redondeo da cualificación, toda cualificación redondearase ao número enteiro superior a partires do decimal 0,5 (0,5 incluído).

Empregaranse os mesmos criterios recollidos neste elemento da programación para o cálculo da cualificación final do trimestre e final de curso, así como os criterios de redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Plan de traballo e seguimento periódico:

O alumnado que teña que cursar esta materia como materia pendente por non tela superado con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan específico de traballo conducente á superación da mesma. Terá acceso ao dito plan logo de ser convocado, por parte da persoa que exerza a xefatura de departamento, a unha reunión que terá lugar durante as primeiras semanas de curso. Nesa reunión, xunto co plan de actividades proposto, daráselle acceso ao alumnado á aula virtual do centro desde a que se coordinará todo o traballo a desenvolver. Xunto ás liñas de traballo xerais que se compartirán nesa reunión, indícaráselle tamén a persoa que realizará o seguimento do plan (no seu defecto, o seguimento será realizado pola persoa que exerza a xefatura de departamento).

No plan de traballo dividirase o traballo a realizar ao longo do curso en tres partes (trimestres) e indícaráselle as tarefas e probas escritas que deba realizar xunto, no seu caso, coas datas de entrega e os criterios de cualificación que se empregarán. As tarefas e probas escritas terán como referente as unidades didácticas da materia (as indicadas na programación didáctica do elemento 3.1 desta programación didáctica). O cálculo da cualificación final realizarase por unidade didáctica seguindo a mesma sistemática que a establecida para o cálculo da cualificación do alumnado no elemento 5.2 desta programación didáctica.

Trimestralmente o alumnado acadará unha cualificación que será positiva se é de 5 puntos ou superior. Excepcionalmente, a cualificación tamén será positiva debido ao redondeo á alza a partir da cualificación de 4,5 puntos ou superior.

Coa cualificación das tres partes calcularase a cualificación final de curso aplicándose o seguinte prorrateo por avaliación:

- 1ª avaliación: 30% da cualificación final
- 2ª avaliación: 35% da cualificación final
- 3ª avaliación: 35% da cualificación final

O alumnado acadará unha cualificación final que será positiva se é de 5 puntos ou superior. Excepcionalmente, a cualificación tamén será positiva debido ao redondeo á alza a partir da cualificación de 4,5 puntos ou superior. Aplicaráselle tamén un redondeo ao número enteiro superior a partires do decimal 0,5 (incluído).

Proba final extraordinaria:

O alumnado poderá presentarse a unha proba final extraordinaria, de non ter superado xa a materia, na que terá que realizar una proba escrita así como presentar os traballos que non tivera superado ao longo do curso e que o

profesorado que coordine o plan de recuperación lle indicará.

Con esas cualificacións, sumaranse ás positivas que xa acadara ao longo do curso na realización do plan de recuperación, e aplicaráselle o cálculo da cualificación final mantendo a mesma lóxica que a indicada en puntos anteriores. O alumnado acadará unha cualificación que será positiva se é de 5 puntos ou superior. Excepcionalmente, a cualificación tamén será positiva debido ao redondeo á alza a partir da cualificación de 4,5 puntos ou superior. Aplicarase o mesmo criterio de redondeo indicado nos puntos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Na materia Volume de 1º de Bacharelato partírase da idea de que a aula é un conxunto de diversidades e tamén do principio de individualización do ensino. Polo tanto, cómpre identificar esas particularidades para adaptar a metodoloxía que se acorde poñer en funcionamento.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, cómpre ser flexibles á hora de adaptar a programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez se coñezan as características das alumnas e dos alumnos que participen na materia.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas propostas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todas e todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe.

Cada curso será un reto constante ante a posibilidade da existencia na aula de todo tipo de discapacidade, desde visuais e auditivas ata motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías; tamén alumnado procedente do estranxeiro, de recente incorporación ao sistema educativo (sen coñecer as linguas vehiculares, que proveñan de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais); sen esquecer ao alumnado con altas capacidades.

Conscientes de que se persegue acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, partírase dunha avaliación inicial para coñecer ao alumnado. Feita esta, acordaranse as medidas de atención á diversidade necesarias centradas en:

1. Medidas curriculares e metodolóxicas: supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certas alumnas e en certos alumnos.

- En caso de que non acade os obxectivos tratarase de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaranse unha multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.
- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaranse as adaptacións, reforzos e apoios precisos.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lle garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- O alumnado valorado como de altas capacidades poderá recibir algún tipo de enriquecemento curricular.

2. Medidas interdisciplinares e colaborativas:

- Favorecerase o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.
- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesorado doutras materias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para as e os estudantes permitirá unha aprendizaxe moito máis global e así como entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resultará ser un recurso crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Estas poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar coas súas fillas e cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. Medidas organizativas:

- Existe no centro un plan de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica, para aquel que se incorpore tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias no coñecemento das lingas galega e/ou castelá.
- No caso de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo podería optar pola posibilidade de realizar o bacharelato en tres anos académicos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual			X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X		X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - O espírito científico			X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.12 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual			X	X
ET.14 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.15 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X		X
ET.16 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito			X	

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen desde o aliñado 12.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural na meirande parte das unidades didácticas.

Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións ao longo do curso, farase fincapé na perspectiva de xénero, para facer visibles os traballos e obras artísticas de mulleres e de culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte (mercado, institucións, mundo académico, etc.).

Como aspecto clave da súa formación, será importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas, tanto do profesorado como das persoas receptoras das súas producións artísticas, ou das persoas colaboradoras nos equipos de traballo, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente.

Tratarase de concienciar ao alumnado na importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir as súas obras co público para o que vai destinado e, dada a natureza predominantemente visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital.

Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e mesmo en moitos proxectos individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a previr e resolver os conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos	Visitas a espazos expositivos da contorna.	X	X	X
Visitas virtuais	Visitas a espazos virtuais expositivos, a través de internet.	X	X	X
Charlas informativas	Charlas relacionadas cos contidos da materia e que acollan os distintos intereses do alumnado.	X		X
Premios e concursos	Participación en distintos premios e concursos vinculados á área de coñecemento da materia.		X	X
Proxectos interdisciplinarios	Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos do centro educativo.	X	X	X

Observacións:

En relación ás actividades propostas no aliñado anterior, indicar o seguinte:

- Visitas a espazos expositivos: visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións etc., preferiblemente con actividades que completen a visita e que estes espazos se atopen na contorna do centro educativo.
- Visitas virtuais a espazos expositivos: visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada para coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.
- Charlas informativas: pode tratarse de profesionais en activo, antigo alumado do centro que empeza a súa carreira laboral, estudantes...
- Premios e concursos: pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro, que teñan relación coa área de aprendizaxe na que se encadra esta materia.
- Proxectos interdisciplinarios: as actividades do Departamento responderán tanto a propostas propias, como ás que se nos acheguen desde o Departamento de Actividades Extraescolares, o Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega; poderase participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das unidades didácticas axústase na súa maior parte á realidade.
O reparto dos contidos e criterios de avaliación seleccionados para cada unidade didáctica é axeitado.
Metodoloxía empregada
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
Proporcionáanse situacións de aprendizaxe motivadoras.
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
Verifícase a comprensión das tarefas a realizar polo alumnado.
Utilízase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación dos novos contidos.
Clima de traballo na aula
Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación.
Mantense o interese do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes).

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

Cara o remate do 3º trimestre realizarase unha enquisa co alumnado que incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento.

Algunhas propostas relacionadas coa información que se pretende acadar poderían ser as seguintes:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas: Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de desenvolver tanto as unidades didácticas como a programación xeral.
- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal da persoa docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
 - Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases: Mediante unha listaxe de incidencias controlárase e valorárase o uso do material recollendo aspectos como o uso e o abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...
 - Mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: Mensualmente no departamento

didáctico analizarase o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.

- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe: Análise dos resultados obtidos na avaliación final (Podería empregarse un criterio de control porcentual: por exemplo, o 80% do alumnado supera a materia).
- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- Información ao alumnado e as familias da programación: Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro; ademais, controlarase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso no relativo ao desenvolvemento da programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade diaria (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou se hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:
 - Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).
3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores.
4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poden estar:
 - folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables)
 - diario de aula.
 - rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos)
 - estatísticas de resultados
 - cuestionarios e enquisas ao alumnado

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados